

CUADRÍCULA DENDE CERO: CUADRÍCULA NOVA, SONS, ERROS/ACERTOS.....


PASO 1

Abrimos o Grid 3



PASO 2

Desplegamos o menú e picamos en **“Añadir cuadrícula”**



PASO 3


Na xanela de **Añadir cuadrícula** buscamos **“Nuevo”** e picamos nela.



PASO 4

Na xanela de **Nuevo** cubriremos os seguintes apartados:

- “Nombre”
- Elixiremos no recuadro que vos sinalo o cor da nosa carpeta de cuadrículas e a imaxe se queremos.



PASO 5


Xa temos no programa o noso paquete de cuadrículas.

Ponémonos enriba e picamos e levaráanos a nosa primeira cuadrícula en modo presentación.




PASO 6

Situámonos na cuadrícula que aparecerá deste xeito.




PASO 7

Imos a marxe esquerda e desplegamos o **Menú**.



PASO 8


No **Menú** buscamos **“Editar cuadrícula”** e picamos.



PASO 9


Aparecerá a cuadrícula en modo de trabajo.

Nela veremos as celdas coas que contamos, que poderemos eliminar ou engadir, **as pestanas de diseño** e as **pestanas cas diferentes ferramentas** coas que contamos para elaborar a nosa cuadrícula.



PASO 10


Seleccionamos unha celda e picamos nela para poder traballar.



PASO 11


Iniciamos a nosa elaboración creando a celda de saída da cuadrícula.

Para iso situámonos en **“Crear Celda”** e picamos. Desplegarase as xanelas para seleccionar o comando que nos interese.




PASO 12

Na xanela de **“Buscar”** situámonos na lupa e escribimos o nome do comando que queremos atopar, neste caso é **“Grid Explorer”** e picamos nel.




PASO 13

Xa temos creada a nosa celda.




PASO 14

A continuación podemos configurar a nosa celda como queiramos




PASO 15

Cara continuar coa elaboración da nosa cuadrícula seleccionamos outra celda e picamos nela para poder traballar.




PASO 16

Unha vez que temos a nova celda seleccionada imos, de novo, o marxe esquerdo a **“Crear Celda”**, e abrírase a xanela de **“Buscar”**.




PASO 17

Na xanela de buscar escribimos xunto a lupa o comando de queremos atopas, neste caso o de **“Escribir”** xa que esa celda imos a convertila na entrada a nosa actividade que neste caso e un Xogo de Nadal , para elo poñerémoslle un nome .



PASO 18


Unha vez que temos xa seleccionado o comando de escribir , introduciremos na marxe esquerda o nome que queremos para a nosa actividade neste caso **“Xogo Nadal!”**



PASO 19


Xa temos a nosa celda creada co título da actividade.

A continuación pasamos a configurala como máis nos guste
En primer lugar insertaremos unha imaxe acorde co título




PASO 20

Para insertar a imaxe situámonos enriba da celda e a seleccionamos picando nela



PASO 21

Coa celda seleccionada imos a pestana de **"Principal"** e nela seleccionamos **"Buscar imaxe"** e abrírase a xanela de busqueda




PASO 22

Nesa xanela na columna azul podemos seleccionar onde queremos buscar a imaxe.


Neste caso buscaremos en **“Símbolos”**, para o cal situamos enriba de Símbolos seleccionámolo e dámoslle a buscar.

De entre todas a imaxes que aparecen, elegimos unha picamos nela e damoslle a **“Aceptar”**




PASO 23

Xa temos a nosa celda co título e coa imaxe que nos elegimos



PASO 24


A continuación elegimos o tamaño que queiramos e picamos, nun dos círculos que hai nos extremos da celda, e co botón esquerdo picado arrastramos ata alcanzar o tamaño que queiramos.



PASO 25


Neste paso situaremos a celda no lugar da cuadrícula que desexemos e picamos dentro da celda, co botón esquerdo picado arrastramos a celda a onde queiramos.

Unha vez que teñamos a celda situada continuamos coa súa configuración e dicir, dámoslle cor, forma,




PASO 26

Continuamos na pestana principal e para darlle a forma que desexamos imos a ferramenta de **"Forma"** e picamos nela




PASO 27

Desplegarase a xanela coas diferentes formas que nos ofrece e seleccionamos a que máis nos guste picando nela.




PASO 28

A continuación pasamos a darle cor e buscamos a ferramenta da **“Color”** e picamos nela e desplegarase a xanela de cor.




PASO 29

Na xanela de cor seleccionamos a cor que máis nos guste picando nela.




PASO 30

Seguidamente pasaremos a darle cor ao borde da celda.
Picaremos na ferramenta de **“Borde”** e picaremos nela desplegando unha xanela coas diferentes cores coas que contamos.




PASO 31

Seleccionamos a cor que desexamos picando enriba dela. Xa temos a nosa celda co borde da cor marcada.




PASO 32

Tamén podemos darlle cor ao contorno e para elo imos a ferramenta de **“Contorno”**




PASO 33

Picamos enriba de **“Contorno”** e desplegarase a xanela coas diferentes cores. Nesta actividade decantámonos por deixar o contorno como está.




PASO 34

Neste paso elixiremos a nosa fonte de letra indo a ferramenta de **"Fuente"** e picaremos nela.




PASO 35

Desplegaráse unha xanela con diferentes opción de fontes que poderemos ampliar picando na opción **"Más"**.



PASO 36


De entre todas as opcións seleccionamos a que máis nos guste, picamos nela e dámoslle a **Aceptar**.



PASO 37

Xa temos na nosa celda coas letra que seleccionamos.

A continuación poremos as letras no tamaño que nos creamos axeitado e para elo imos a ferramenta de **"Tamaño"**, picamos nela deplégándose unha xanela coas diferentes opcións.



PASO 38


Eleximos o tamaño picando nela, quedando xa a letra no tamaño desexado.



PASO 39


No seguinte paso que levaremos a cabo darémoslle cor as nosas letras.

Bucascamos a ferramenta de **"Color"** da letra picamos nela, nese instante abrírase unha xanela coas direntes opcións de cor



PASO 40

Seleccionamos a cor de letra que máis nos guste e picamos nela.




PASO 41

Xa temos a nosa celda rematada.

O seguinte paso será darlle a función que queiramos.


Non esquecer ir grabando en **“Finalizar Edición”**



PASO 42 SALTO A OUTRA CUADRICULA


Neste paso comezaremos a **configura un salto** que nos leve dende esta celda a outro onde crearemos o xogo en si.

Para elo situamonos enriba da celda e a seleccionamos picando nela.




PASO 43

Imos a marxe esquerda e situámonos en “Añadir Comando”, picamos nel e desplegarase a xanela para seleccionar a acción que queiramos




PASO 44

Dentro da xanela de “Añadir Comando” situámonos na lupa e escribimos o nome do comando que desexamos, neste caso “Saltar a” e aparecerá a icona do noso comando, pómonos enriba dela.



PASO 45


Unha vez que estamos enriba do comando “Saltar a”, dámoslle a “Aceptar”



PASO 46


Abrirase a ventá de **“Saltar a”** e nela podemos eleixir

- **“Copiar Cuadrícula”** xa feita
- **“Nueva cuadrícula”**.



PASO 47

Situámonos enriba de **“Nueva cuadrícula”** e dámoslle a **aceptar**.




PASO 48

Na xanela de **“Nueva cuadrícula”** cubrimos os datos requeridos:


- Nome
- Número de filas e de columnas.

Neste exemplo as columnas e filas deixámolas como veñen marcadas e so cubrimos o apartado de **Nombre**.




PASO 49

No apartado de nome escribimos
QUIEN ES PAPA NOEL.




PASO 50

Unha vez que temos o nome escrito
dámoslle a **“Aceptar”**



PASO 51


Xa temos o comando de salto feito



PASO 52


Para continuar creando o paquete de cuadrículas imos a marxe esquerda e situámonos enriba de **“Seguir Salto”** e picamos.

Esta acción levará nos a unha nova cuadrícula de traballo.




PASO 53

Nesta nova cuadrícula a que saltamos aparece por defecto a celda co comando de **“Volver”** o ca nos levaría o cuadrícula de partida onde aparece o título do xogo **“QUIEN ES PAPA NOEL”**




PASO 54

Arrastramos, como xa explicamos anteriormente a celda de **“Volver”** o lugar que desexemos, neste caso o fondo da marxe esquerda




PASO 55

Creamos o comando de saída , e
decir o “**Grid Explorer**” .




PASO 56

Como xa explicamos situámonos na
celda, seleccionamos e imos a
“**Crear Celda**” e picamos.




PASO 57

Na xanela de búsqueda de comando
escribimos na lupa de búsqueda o
nome do comando que desexamos,
neste caso pomos “**Grid Explorer**”.




PASO 58

Buscamos a icona seleccionámola




PASO 59

E dámoslle a “Aceptar”




PASO 60

Xa temos o noso comando de acción feito, e dicir xa podemos saír do paquete de cuadrículas directamente dende esta cuadrícula.




PASO 61

Dámoslle, como xa explicamos nos pasos anteriores, o tamaño e situamos a dúas celdas onde queiramos.




PASO 62

A continuación, continuamos diseñando a nosa actividade. Seleccionamos outra celda para traballar




PASO 63

Situámonos en “Crear Celda” e picamos enriba.




PASO 64

Abrirose a xanela de búsqueda de comando e escribimos **“Escribir”** e seleccionamos a icona desexada.



PASO 65


Unha vez que temos seleccionado o comando que desexamos dámoslle a **“Aceptar”**.



PASO 66


Xa temos a celda operativa para traballar.

A nosa actividade parte dunha pregunta a cal , introduciremos nesta celda




PASO 67

Para escribir a pregunta de partida imos a marxe esquerda e no comando de escribir pomos ¿DÓNDE ESTÁ PAPA NOEL?" pregunta que iráse escribindo instantáneamente na nosa cela.




PASO 68

Seguindo os pasos anteriormente explicado, configuraremos e situaremos a celda onde desexemos dentro da nosa cuadrícula.




PASO 69

Para poder continuar seleccionaremos outra celda, e picaremos en "Crear Celda".




PASO 70

Na xanela de búsqueda de comando seleccionaremos o de **escribir** e daremoslle a **"Aceptar"**.




PASO 71

Xa temos a celda preparada para traballar




PASO 72

Neste caso, na nosa celda so queremos imaxe, por eso no escribimos nada no comando de escribir.




PASO 73

Nesta celda queremos insertar a imaxe de Papá Noel para iso imos a pestana de **“Principal”** e situámonos en **“Buscar Imagen”** e picamos nela




PASO 74

Deplegaráse unha xanela de búsqueda de imaxes .
Nesta xanela na marxe esquerda atopamos as diferentes opcións onde podemos buscar imaxes.




PASO 75

Para esta celda nos buscaremos a imaxe ma web, pare elo situaremonos en **“Búsqueda Web”**




PASO 76

No buscador ponemos “Papá Noel”, e dámoslle a lupa de búsqueda.




PASO 77

Seleccionamos a imaxe que máis nos guste.




PASO 78

Picamos enriba da imaxe e dámoslle a aceptar.




PASO 79

Xa temos a nosa celda a imaxe seleccionada




PASO 80

Se fose preciso ampliamos a celda e a situamos onde queiramos, como xa explicamos con anterioridade.




PASO 81

Na pestana **"Principal"** no apartado de **"Forma"** se fose preciso, seleccionamos a forma que máis nos guste, como xa explicamos con anterioridade noutro paso.




PASO 82

Na mesma pestana seleccionamos a cor do **"Relleno"** e **"Borde"**




PASO 83

A continuación, seleccionaríamos outra celda para por outra personaxe navideña como outra posible resposta a nosa pregunta.



PASO 84


Unha vez seleccionada a celda iremos a **"Crear Celda"** e o picar nesa icona abriráse a xanela para elixir o comando que precisamos que neste caso é o de escribir. Unha vez seleccionado o comando dámoslle a **"Aceptar"**.



PASO 85


Xa temos a celda preparada, como non imos por ningún nome no comando de “Escribir “ non pomos nada.

Nesta celda o igual que na anterior so queremos insertar unha imaxe e por iso imos a pestana “Principal” e, como xa explicamos noutro apartado, picamos en “**Buscar Imagen**”.




PASO 86

Na xanela de búsqueda de imaxe, seleccionamos “**Búsqueda Web**”, e escribimos no buscador a imaxe que queremos, neste caso a do Apalpador e dámoslle a **buscar**.




PASO 87

De entre todas as imaxes que nos saen seleccionamos a que nos guste e picamos en “**Aceptar**”.



PASO 88

Xa temos a nosa cela coa imaxe do
Apalpador



PASO 89


Configuramos, como xa explicamos
con anterioridade, coa forma, cor,
tamaño e disposición que
queiramos.



PASO 90 EFECTOS SONOROS

Xa temos a cuadrícula coas imaxes
de dúas personaxes de Nadal o
seguinte paso e porlle o efecto
sonoro, comezamos polo acerto.

Seleccionamos a celda correcta que
neste caso é a de Papá Noel, picamos
nela.




PASO 91

Imos a **“Añadir comando”** e picamos, abrírase a xanela para seleccionar o comando preciso.




PASO 92

No buscador escribimos **“Reproducir sonido”**, seleccionamos a icona buscada.




PASO 93

Despois de seleccionar a icona de Reproducir Sonido, picamos en **“Aceptar”**.




PASO 94

Aparecerá na marxe esquerda o comando de **Reproducir sonidos**.



PASO 95

Dentro do comando de **“Reproducir Sonidos”** picamos co rato en **“Explorar”**




PASO 96

Abrirase unha xanela cun montón de efectos de son que por defecto xa veñen no programa Grid.


Dentro de cada clasificación atopámos varios son diferentes.

Neste caso buscamos aplausos que de atopan na clasificación de **“Personas”** polo que seleccionamos esta opción.




PASO 97

Xa coa opción de “Personas” seleccionada picamos en **“Aceptar”**.




PASO 98

Aparecerán na xanela todos os sons que recolle a clasificación “Personas”




PASO 99

Seleccionamos o son que prefiramos, neste caso aplausos, e dámoslle a **“Reproducir”**, nese momento escoitaremos o son para asegurarnos de o que queremos.




PASO 100

Se estamos conformes co son reproducido continuamos, senón buscaríamos outra opción.




PASO 101

Nos como estamos de acordo cos aplausos dámoslle a **"Aceptar"**.




PASO 103

Xa teríamos o efecto do son incorporado na nosa celda.
Os aplausos soarían no caso de marcar esta celda como reposta.




PASO 104

Para gravar ademáis de comprobar que todo é correcto, picaríamos na esquerda enriba de todo na opción **“Finalizar Edición”**.



PASO 105

E picaríamos en **“SI”**



PASO 106

Aparecería a cuadrícula activa e presionaríamos na celda de Papá Noel para escoitar os aplausos e comprobar que todo e correcto.




PASO 107

Para continuar coa elaboración do noso paquete de cuadrículas imos a marxe esquerda enriba de todo e picamos no menú.




PASO 108

Tras picar abrírase toda as opcións do Menú.




PASO 109

Seleccionaríamos a opción de “Editar Cuadrícula” e picamos nela.




PASO 110

Xa teríamos de novo a nosa cuadrícula preparada para seguir creando a nosa actividade.



PASO 111

Pómonos enriba do outro persoaxe , neste caso o Apalpador e o seleccionámos.




PASO 112

Imos a **“Añadir Comando”** e picamos nel.




PASO 113

Na xanela de **“Añadir Comando”**
buscamos o comando de
“Reproducir Sonido”.




PASO 114

Seleccionamos a icona de
“Reproducir Sonidos”.




PASO 115

Dámoslle a **“Aceptar”**.



PASO 116

Na marxe esquerda no comando **“Reproducir Sonido”** imos a **Explorar**.




PASO 117

Picamos no opción de **“Explorar”**.




PASO 118

Na xanela de **Efectos** buscamos o que máis nos guste.
Neste caso poremos na opción incorrecta o son de cristais rompendo, como dito son esta opción de **“Otros”**, a seleccionamos.




PASO 119

De entre todos os son que recolle a opción de “Otros “ buscamos a de **cristais rompéndose** e a seleccionamos




PASO 120

Unha vez seleccionada dámoslle a **“Aceptar”**.



PASO 121


Xa teríamos a nosa celda de Apalpador co seu efecto sonoro correspondente que se activará se se preme nela.



PASO 122

Para finalizar picamos en **“Finalizar Edición”** e picamos en **“SI”**.

Xa teríamos o noso **Xogo finalizado**



PASO 123

